



AGEFEC

Asociación Galega de Enfermaría
Familiar e Comunitaria

NORMATIVA DE FUNCIONAMIENTO DOS GRUPOS DE TRABALO

Febreiro 2021

Asociación Galega de
Enfermaría Familiar e
Comunitaria

Rúa Xosé Chao Rego, 8, Baixo
15705 Santiago de Compostela
A Coruña (España)

981 55 59 20
www.agefec.org
secretariatecnica@agefec.org



AGEFEC

Asociación Galega de Enfermaría
Familiar e Comunitaria

CONTROL DE CAMBIOS

| Versión e data | Modificacións |
|--------------------|--|
| v.1. Setembro 2015 | |
| v.2. Febreiro 2021 | Actualízase a sección constitución. Créase a sección <i>plan de reordenación dos grupos de traballo e asesores de 2021</i> . Actualización do apartado <i>outras informacións</i> . Créase o Anexo I. |

CONSTITUCIÓN

Os distintos grupos de traballo ou grupos asesores constituiranse en función das necesidades formativas dos socios e estarán integrados por estes, aínda que permanecerán abertos á participación doutros profesionais se resultar de interese para o seu labor.

Quen tiver interese en participar nun grupo de traballo deberá inscribirse a través do formulario web específico <https://forms.gle/b5yQKHSVNcLNUURM9> No caso de que queiran formar un grupo novo, os interesados terán que poñerse en contacto coa Xunta Directiva a través da nosa Secretaría Técnica (secretariatecnica@agefec.org).

Cada grupo estará formado por un mínimo de tres membros. Non haberá un límite máximo, aínda que se aconsella evitar grupos cun número moi elevado de integrantes que poida dificultar o seu dinamismo. O grupo poderá estar articulado en seccións específicas de coñecemento e estudo.

O coordinador de cada grupo será nomeado polos integrantes deste. No caso de non haber voluntario, a Xunta Directiva poderá decidir sobre este nomeamento.



AGEFEC

Asociación Galega de Enfermaría
Familiar e Comunitaria

EXTINCIÓN

A extinción do grupo producirase nos casos en que os seus integrantes non teñan actividade neste ao longo dun tempo razoable. En tales casos poderase substituír os integrantes que tiveren unha participación escasa ou nula por outros socios máis interesados no proxecto.

Outra causa de desaparición será a finalización das actividades emprendidas polo grupo.

PLAN DE REORDENACIÓN DOS GRUPOS DE TRABAJO E ASESORES DE 2021

Posto que as áreas temáticas nas que se organizan os grupos foron evolucionando, faise necesario levar a cabo unha reordenación dos mesmos adaptados a realidade actual. Así mesmo a escasa actividade dos grupos nos últimos anos, ligado ao interese de novos socios a formar parte dos mesmos, fai necesario que se leve a cabo unha disolución daqueles grupos con menor actividade e se formule un novo período de inscrición.

No anexo I figuran a reordenación dos grupos de traballo. As áreas de competencia e coñecemento poderán ser modificadas en función do número de integrantes dispoñibles en cada grupo.

Os criterios de selección dos diferentes grupos e seccións responderá ao interese e dispoñibilidade de socios para integralos. A Xunta Directiva resérvase a potestade de agrupar grupos por indispoñibilidade de voluntarios. Así mesmo, a proposta motivada dos integrantes dos grupos de traballo e sección, as seccións poderán constituírse como grupo independente.



AGEFEC

Asociación Galega de Enfermaría
Familiar e Comunitaria

Nesta primeira volta inicial, establécese un máximo de 3 grupos dos que formar parte, quedando suxeito a criterio da Xunta directiva.

O nomeamento dos integrantes dos grupos de traballo / asesores será feito pola Xunta Directiva.

RESPONSABILIDADES DA VOGAL DOS GRUPOS DE TRABALLO

- Coordinar os distintos grupos e mantelos puntualmente informados de todas as novidades e propostas que vaian xurdindo.
- Elaborar as instrucións de traballo para todos os grupos.
- Pautas de actuación sobre como subir un documento á páxina web.
- Animar os integrantes a que propoñan cursos de formación e outras actividades, así como actuar como dinamizador destes.
- Exercer, en calidade de representante dos grupos, como enlace entre estes e a Xunta Directiva da AGEFEC e a Secretaría Técnica.
- Manter actualizada a páxina web.
- Solicitar aos grupos os proxectos das respectivas actividades e a memoria das mesmas cando corresponda.
- Revisión periódica das actividades dos grupos mediante a avaliación destas para facer unha valoración dos resultados e programar a elaboración de novos proxectos.
- Manter o intercambio de información entre os distintos grupos, planificando de forma concertada as actividades destes para evitar así a duplicidade de esforzos.

RESPONSABILIDADES DO COORDINADOR DO GRUPO DE TRABALLO

- Dirixir e dinamizar os grupos.
- Representar os grupos ante a vogal e a Sociedade, xa que é o seu responsable directo.



AGEFEC

Asociación Galega de Enfermaría
Familiar e Comunitaria

- Fomentar no seu grupo o desenvolvemento de actividades formativas.
- Elaboración do proxecto de actividades.
- Elaboración da memoria das actividades.
- Enlace entre o grupo de traballo e a vogalía.

RESPONSABILIDADES DOS GRUPOS DE TRABAJO

- Desenvolvemento de actividades formativas.
- Elaborar documentos ou guías de coidados enfermeiros para profesionais ou usuarios.
- Valorar documentos que fagan chegar outras institucións e difundilos entre os socios.
- Cada grupo deberá desenvolver una serie de actividades mínimas nos distintos ámbitos de traballo: formación, investigación, divulgación e asesoramento.
- Desenvolverán os seus obxectivos coincidindo cos da Sociedade.

OUTRAS INFORMACIÓNS

AGEFEC facilitará a presenza dos grupos de traballo e asesores en actividades científicas e promoverá o acceso preferente aos seus órganos de difusión.

Os dereitos de autor xerados a partir da produción científica e calquera rendemento obtido corresponden á AGEFEC, a excepción das posibles publicacións en revistas científicas. No último suposto, aqueles traballos que nazan no seo do grupo e/ou reciban financiación da AGEFEC, os autores deberán deixar constancia a pertenza ao grupo de traballo/asesor da AGEFEC. No que afecta ao rendemento económico das diferentes actividades formativas que se organicen dende os grupos de traballo,



AGEFEC

Asociación Galega de Enfermería
Familiar e Comunitaria

estarán suxeitas a normativa específica
(<https://www.agefec.org/web/achega-a-tua-proposta-formativa/>).

Os prazos de presentación das memorias de cada grupo serán puntualmente comunicados.

Os socios da AGEFEC terán acceso preferente ás actividades formativas e de investigación dos grupos de traballo.

Os distintos grupos colaborarán coas unidades docentes de enfermería comunitaria galegas na formación dos enfermeiros residentes da especialidade.

A publicación de novos documentos na páxina web xestionarase entre o coordinador do correspondente grupo de traballo e a vogal responsable dos grupos de traballo e asesores da AGEFEC destes a través da nosa Secretaría Técnica.



AGEFEC

Asociación Galega de Enfermería
Familiar e Comunitaria

ANEXO I

| | |
|--|--|
| Atención á Cronicidade | Sección Cardiovascular |
| | Sección respiratorios |
| | Sección Estratificación, Crónico complexo, avanzado e organización |
| | Sección demencias |
| | Sección saúde mental |
| Atención Domiciliaria | Prevención de riscos e caídas no domicilio |
| | Anción Fráxil |
| | Programa AD |
| | Organización da AD |
| Coidados das feridas | Atención á Coidadora |
| Vacinas, coidados e medidas preventivas de enfermidades infecciosas | Vacinas |
| | Infectocontaxiosas e ITS, COVID, comunitarias, etc. |
| | Medidas preventivas |
| Coidados Pediátricos | |
| Educación nutricional e diabetolóxica | |
| Coidados paliativos e oncolóxicos | Instrucións previas |
| | Anticipacións das decisións |
| | Coidados na fase terminal |
| | Planificación individualizado da intervención |
| Estilos de vida saudables | Hábitos tóxicos (Alcol, tabaco e outras drogas) |
| | Benestar emocional |
| | Sexualidade saudable e reprodución |
| | Comunicación e entrevista motivacional |
| Prescrición de exercicio físico | |
| Xestión e Planificación de Servizos de Atención Primaria | |
| Prescrición enfermeira | |
| Comité de referentes en investigación (*) | |
| Promoción da especialidade (*) | Sección de desenvolvemento |
| | Sección de comunicación e difusión |
| Docencia EIR(*) | |

(*) Acceso ao grupo mediante convocatoria específica.